



1. LISTAS PARA ACTUAR COMO CONTADORES E ADMINISTRADORES CONCURSAIS / 2016

Coma cada ano, no mes de xaneiro o Colexio de Avogados remite aos xulgados e tribunais unha lista actualizada con todos os colexiados dispostos a actuar como peritos (artigos 341.1 e 7843 da LAC).

Por ese motivo, ábrese un **prazo ata o día 25.01.2016** para que os colexiados **que non estean incluídos nestas listas do ano anterior** poidan solicitar a súa incorporación.

Os requisitos para poder acceder a estas listas son os seguintes:

a) Contadores (elaborarase unha lista por cada partido xudicial: Santiago, Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón):

- Ser letrado/a exercente e residente do ICA de Santiago.
- Posuír un mínimo de cinco anos de antigüidade no exercicio efectivo da avogacía.

b) Administradores concursais:

- Ser letrado/a exercente.
- Posuír un mínimo de cinco anos de antigüidade no exercicio efectivo da avogacía.
- Persoa xurídica (sociedades profesionais que cumpran os requisitos do artigo 27.2 da Lei concursal (Lei 38/2011, do 10 de outubro, de reforma da lei concursal).
- Alta en seguro de responsabilidade civil (Real decreto 1333/2012 do 21 de setembro).

As solicitudes deberán presentarse por escrito na secretaría do colexio antes do 25.01.2016 (correo electrónico, fax ou correo postal).

2. FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT 2016

A Xunta de Goberno, na sesión do 07.01.2016, acordou fixar a data da festividade para o día 19.02.2016.

Nunha próxima circular anunciarase a programación dos actos.

3. INCREMENTO DA SUBVENCIÓN DO COLEXIO Á PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

Na xunta xeral do 17.12.2015 propúxose incrementar a subvención que o colexio destina á póliza do seguro de responsabilidade civil. Tras valorar esta proposta, a Xunta de Goberno, na sesión do 07.01.2016, acordou incrementar a dita subvención en 3.000 euros. Polo tanto, o importe total da subvención pasa a ser de 18.000 euros (9.000 € por semestre), que serán repartidos entre todos os letrados dados de alta na póliza de responsabilidade civil e descontados cando o colexio cargue os correspondentes recibos semestrais.



4. COTAS COLEXIAIS E TAXA POR EXPEDICIÓN DE CERTIFICADOS

Na xunta xeral do 17.12.2015 aprobouse o orzamento para o exercicio 2016. Entre os aspectos máis destacables deste orzamento, recóllese o mantemento das cotas colexiais, que seguirán un ano máis sen sufrir ningún incremento, e a eliminación da taxa colexial pola expedición de certificados.